



Concello de Ferrol

Promoción Económica e Emprego



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO



Resumo executivo


“A innovación empresarial na
industria de Ferrol. 2008”

CONTEXTUALIZACIÓN SOCIOECONÓMICA

Ferrol perdeu o 6% da poboación no período 2000-2006.


A poboación ocupada no sector industrial reduciuse nun 7% no período 1991-2001, a favor do sector servizos. Paralelamente o número de empresas insustriais tamén se reduciu nos últimos anos

Gráfico 1. Variación da poboación no período 2000 - 2006



Fonte: Elaboración propia a partir do Anuario Socioeconómico de Galicia 2007

Gráfico 2. Evolución da ocupación por sectores en Ferrol




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

O índice de produtividade da economía de Ferrol sitúase en máis do 25% por debaixo da media galega.


O 62% das empresas de Ferrol non teñen asalariados e o 33% teñen de 1 a 9, moitas destas empresas son do sector servizos, pero tamén están a maioría das 178 do sector industrial.

Gráfico 3. Índice de Produtividade 2001 por territorios



Fonte: Elaboración propia a partir do Anuario Socioeconómico de Galicia

Gráfico 4. Empresas situadas en Ferrol por número de asalariados 2007





Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

SISTEMA LOCAL DE INNOVACIÓN



Diagrama que representa o sistema de innovación no que opera Ferrol



Fonte: Elaboración propia


RESULTADOS DA ENQUISTA A EMPRESAS INDUSTRIAIS DE FERROL

CARACTERIZACIÓN DA MOSTRA

Despois do contacto establecido coas empresas (157), 47 delas (29% das empresas contactadas) aceptaron ser incluídas neste estudo, tendo decidido abandonalo 8 empresas e completando con éxito o cuestionario, un total de 39.

- Un **36%** das empresas enquisadas afirman ter realizado algún tipo de actividade de I+D nos últimos 3 anos, co fin de desenvolver novos produtos ou servizos, ou para mellorar os existentes, e fixérono fundamentalmente desde o seo da empresa (72%).

Gráfico 5. Desenvolvemento de actividades de I+D



XESTIÓN DA INNOVACIÓN NA EMPRESA

Das empresas que realizan actividades de I+D de forma interna, 8 contan cun departamento de I+D (57%), e cinco destas teñen persoal propio destinado o mesmo (36%).

- Das empresas que desenvolven proxectos de I+D o 58% financian os seus proxectos con fondos propios, o 14% obtiveron financiamento da administración local ou autonómica, un 7% obtivo fondos doutra empresa, e outro 7% conseguiu outro tipo de financiamento. O 14% non indican a vía de financiamento.

Gráfico 6. Fontes de financiamento da I+D






Gráfico 7. Actividades de Innovación Realizadas no período 2005-2007



- Entre as actividades de carácter innovador desenvolvidas polas empresas do Concello de Ferrol no período 2005-2007, as máis salientables son a **adquisición de equipos ou software (62%)** e as **actividades formativas (59%)**.

RESULTADOS DA ENQUISTA A EMPRESAS INDUSTRIAIS DE FERROL


Gráfico 8. Desenvolvemento de novos produtos no período 2005-2007



Un 42% das empresas industriais ferrolás enquisadas realizaron innovación en produto entre os anos 2005-2007, fronte ao 66% de empresas galegas. Polo que pódese afirmar, tendo en conta a mostra analizada, que as empresas industriais ferrolás son menos innovadoras ó nivel do produto que as galegas.

A porcentaxe de empresas ferrolás enquisadas que desenvolveu novos procesos ou que mellorou os existentes (44%) entre os anos 2005-2007, tamén resulta inferior á galega que se sitúa no 70% para o período 2002-2004..

Gráfico 9. Desenvolvemento de novos procesos no período 2005-2007



Unha empresa que consiga implantar actividades de I+D terá sempre máis actividades innovadoras que unha empresa que non consiga implantar calquera tipo de actividade de I+D.




Gráfico 10. Relación empresas Actividades I+D/ Actividades Innovadoras

■ Realizan I+D
■ Non Realizan I+D

RESULTADOS DA ENQUISTA A EMPRESAS INDUSTRIAIS DE FERROL

BARREIRAS E DIFICULTADES NA INNOVACIÓN

Cuestionadas sobre a posibilidade de innovar a medio prazo, a maioría das empresas (52%) non teñen a intención de abordar este proceso.

En referencia ás principais barreiras identificadas polas empresas que pensan iniciar ou continuar procesos de innovación na súa empresa, destacar que un 71% consideran que a falta de apoio institucional pode supoñer un obstáculo para innovar, sendo esta a resposta con maior frecuencia.

Gráfico 11. Principais barreiras á innovación das empresas innovarán a medio prazo





Gráfico 12. Interese en formación relacionada coa innovación



Sobre o total de empresas enquisadas, tendo en conta que sinalan carencias de formación ou información na materia, é importante destacar que o interese na realización de accións de formación que estean relacionadas coa innovación, alcanza o 48%.

FORMACIÓN EN XESTIÓN

As empresas con alto interese na formación destacan a importancia que lle dan as empresas á formación específica do persoal xestor da innovación (axentes de innovación)

RESULTADOS DA ENQUISTA A EMPRESAS INDUSTRIAIS DE FERROL

COÑECEMENTO E VALORACIÓN DO SISTEMA LOCAL DE INNOVACIÓN

Das empresas enquisadas, tan só un 33% afirma coñecer as actuacións que, desde os diferentes ámbitos, se están a desenvolver en Ferrol en materia de innovación

Gráfico13. Cooperación local



Respecto ao apoio institucional que existe no municipio de Ferrol, tan só un 23% das empresas considera que este sexa suficiente.

En cando a valoración das empresas sobre a cultura de cooperación entre empresas e institucións o 84% considera que non é suficiente.

IMPLANTACIÓN DAS TIC's NAS EMPRESAS

Respecto do uso que as empresas enquisadas fan das tecnoloxías TICs, cabe destacar que un 87% das empresas dispón de internet, media lixeiramente inferior á galega segundo datos obtidos do INE para o ano 2007-2008.

FOMENTO DA INNOVACIÓN EMPRESARIAL DESDE O CONCELLO DE FERROL

Un 80% das empresas coinciden en que o Concello de Ferrol, como administración pública máis próxima as empresas debería desenvolver actuacións específicas de fomento da innovación empresarial, e suxiren entre outras as seguintes:

- Potenciar os programas e medidas de apoio á I+D+i no sector do comercio;
- Facilitar e axilizar os trámites administrativos;
- Facilitar a creación, modernización e ampliación de empresas;
- Fomentar as relacións institución -empresa, a través da organización de xornadas, seminarios de empresas;
- Promover solo industrial, e con prezos competitivos do solo;
- Fomentar a Creación dun parque tecnolóxico local;
- Apoiar ás pequenas empresas para evitar a competencia das grandes empresas;
- Facer un estudo das necesidades do mercado e aplicalo á cidade;
- Promover as actividades de innovación de forma xenérica.

SÍNTESE DE RESULTADOS DO ESTUDO



Realizada a análise dos resultados da enquisa sobre innovación empresarial no Concello de Ferrol, é importante sistematizar todos os datos, desta forma, será posible definir medidas de acción para fomentar a innovación.

PUNTOS FORTES

- Economía fortemente especializada e con saber-facer local;
- Localización xeoestratéxia e boas accesibilidades e infraestruturas de transporte;
- Campus universitario con especialización industrial;
- Rede de entidades públicas e privadas (Fundación Ferrol Metrópoli, Cluster Naval, Asociación Impulsora Plan Ferrol) con dimensión e masa crítica para o desenvolvemento social e económico do Concello;
- Potentes infraestruturas de I+D+i, percibidas como suficientes, e orientadas para a cadea de valor industrial do Concello;
- Forte consenso empresarial na necesidade de innovar no Concello de Ferrol

PUNTOS DÉBILES

- Estrutura empresarial moi atomizada, con pouca masa crítica e pouca capacidade de internacionalización, actuando incluso a nivel local;
- Tendencia progresiva para a desindustrialización do Concello;
- Aumento do desemprego no sector industrial, con a consecuente perda de saber-facer local;
- Baixa taxa de innovación no Concello;
- Pouca cooperación entre as institucións, os centros tecnolóxicos e as empresas para o desenvolvemento de actividades de I+D+i;

OPORTUNIDADES

- Fortes investimentos públicos na rexión do Goberno galego e español para a reconversión industrial, fundamentalmente orientados para o apoio á I+D+i, o apoio ó emprendedor e o desenvolvemento de infraestruturas de capacitación empresarial e territorial;
- Elevado número de programas e medidas de apoio á I+D+i a nivel rexional, nacional e europeo, con especial enfoque nas PEME e microempresas, tecido empresarial maioritario en Europa e en todos os seus países membro;

AMEAZAS

- Non aproveitamento do saber-facer local para reconstruír un tecido empresarial de forte valor engadido, perdendo de maneira constante capacidade industrial no Concello;
- Competencia de outros Concellos na captación de investimento, público e privado;
- Perda de recursos altamente cualificados pola falta de empresas de excelencia;
- Desconexión entre os programas e medidas do sistema nacional de innovación e das iniciativas comunitarias de apoio á innovación e as empresas ferrolás, diminuíndo as posibilidades de financiamento e tamén, a cooperación con empresas de outras rexións